



FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/95-1
Entidade	CONFRARÍA DE RIBEIRA	
Plan explotación⁽¹⁾	MOLUSCOS BIVALVOS	
Réxime⁽²⁾	AUTORIZACIÓNS	
Modalidade⁽³⁾	EMBARCACIÓN	

Especies	Ameixa babosa (<i>Venerupis pullastra</i>), ameixa rubia (<i>Venerupis rhomboideus</i>), ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>), carneiro (<i>Venus verrucosa</i>), berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>), reló (<i>Dosinia exoleta</i>)
Ambito do plan	De punta Aguiúncho a Eiró Grande; de Eiró Grande a Carabancelo; de Carabancelo a Redonda Vella; de Redonda Vella a punta Castro.
Subzonas de explotación	Coroso, Castiñeras-Redonda, Insua, Egoas-Touro-Eiro.

Participantes no plan de Explotación

Número de permex/persoas autorizadas

Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	183 (*)	Máximo 3 por embarcación

Ampliación do número de permex⁽⁴⁾ (Ver consideracións)

Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	1	-

Calendario de explotación

Días máximos de extracción	187
-----------------------------------	-----

Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾

Modalidade⁽³⁾ dende embarcación

xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	Dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾

Modalidade⁽³⁾

xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	Dec

Topes de captura

Especies	A pé	Tripulante enrolado e a bordo/día	Embarcación/día
Ameixa babosa	-	10 kg	30 kg
Ameixa rubia (*)	-	20-25 kg	60-75 kg
Carneiro	-	10 kg	30 kg
Berberecho	-	25 kg	75 kg
Ameixa fina	-	5 kg	15 kg
Reló		Determinarase na resolución de apertura	

(*) ver consideracións

Artes a empregar	Raño, cunha separación de varillas de 17mm
-------------------------	--



Puntos de control	Coroso, Insua, Egoas, Touro, Airó, Castiñeiras e lonxa de Ribeira. O punto de control variará dependendo do banco no que se esté traballando.
Puntos de venda	Lonxa de Ribeira (vendeduría da confraría da lonxa de Ribeira).

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas				X								
Zonas: Coroso, Castiñeiras												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembr				X								
Zonas: Castiñeiras-Redonda												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras			X		X							
Zonas: Por determinar												
Especies: Ameixa fina e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados				X	X							
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas: Por determinar												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados			X						X			
Zonas: Zonas de sembra e de acúmulo de algas												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros					X	X	X	X	X			
Limpeza de depredadores												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes: O número de embarcacións incluídas neste plan é de 181 cando, conforme aos datos desta Consellería, hai 183 (*) embarcacións asociadas á confraría de Ribeira con marisqueo (Z3) no seu permiso. Débese manter reserva da praza deixada pola embarcación afundida e ofertada como baixa para unha nova construción, que conta co recurso de marisqueo Z3 no seu permiso e asociada á confraría de pescadores de Ribeira.

De acordo coas normas de xestión incluídas no plan, o número máximo de tripulantes por embarcación con dereito a cota será de 3.

Ampliación: No plan de explotación presentado por esta entidade para o ano 2009, aprobouse un incremento de 7 embarcacións, que serían seleccionadas en función do baremo que



aprobase a Dirección Xeral de Recursos Mariños, en canto fose modificada a Orde do 26 de outubro de 2004 pola que se regula a alternancia de artes na Comunidade Autónoma de Galicia que na disposición adicional terceira establece que "... non se poderán incrementar ata que se dispoña o contrario, o raño, a gancha e o angazo, coas que tradicionalmente se vén exercendo o marisqueo desde embarcación". A Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de pesca de Galicia, establece no seu artigo 41º "o exercicio do marisqueo dende embarcación requirirá dispor da modalidade de marisqueo no permiso de explotación da embarcación...". A normativa de desenvolvemento desta Lei establecerá os requisitos para a obtención da habilitación para o exercicio do marisqueo dende embarcación.

A futura incorporación destas 7 embarcacións, desaconsella aprobar o incremento proposto no plan presentado, máis alá da cobertura da vacante deixada pola embarcación

Días máximos de extracción: Co obxecto de adaptar o calendario á actividade extractiva non se acepta a proposta de incrementar o número máximo de días autorizados con respecto ao plan en vigor, polo que queda fixado en 187 días.

Cotas máximas de captura: a cota máxima de captura para ameixa rubia será de 25 kg/tripulante enrolado e a bordo/día (75 kg/embarcación/día), agás nos meses de xullo, agosto e setembro, que se reducirá a 20 kg/tripulante enrolado e a bordo/día (60 kg/embarcación/día). Non obstante, así o deberán indicar nas solicitudes de apertura mensuais co obxecto de que o departamento territorial poda ditar a resolución correspondente.

Puntos de control: Defínese a organización dos puntos de control nas zonas de extracción, nos que se rexistra o número de tripulantes, se revisan as embarcacións, se controlan os cupos e tallas e se expide un ticket que debe acompañar ás capturas ata a lonxa. Os responsables do punto de control serán os vixiantes da confraría.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: "*no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega*".

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, seguindo as indicacións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Artes: Acéptase como arte autorizada o raño cunha separación entre varillas de 17 mm, por ser unha medida máis restritiva que a recollida no Decreto 424/1993.

Traballos de semicultivo e vixilancia: As accións de rexeneración, acondicionamentos, limpeza... propostas no plan non están ben definidas. As persoas responsables da organización destas tarefas son os membros da directiva da agrupación de mariscadores a flote, asesorados pola asistencia técnica da confraría. A participación nestes traballos é obrigatoria para todos os integrantes do plan.

Así mesmo, os mariscadores incluídos no plan están obrigados a participar nas vixilancias das fins de semana, entre os meses de maio a outubro. A responsabilidade da organización das vixilancias será da directiva da agrupación de marisqueo a flote.

Réxime sancionador: Se calquera dos participantes neste plan comete unha infracción será



sancionado, segundo os feitos e a gravidade e previo inicio do procedemento sancionador oportuno, ben en base ao regulamento interno da agrupación, ben segundo os estatutos da confraría. No caso de que incorra nunha infracción das tipificadas na Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de pesca de Galicia, elevarase a acta da infracción á Consellería do Mar.

En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a Administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Recomendacións para a mellora do plan:

- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se xeneran no desenvolvemento deste plan.
- Recoméndase unha maior concreción da organización dos traballos de semicultivo e vixilancias, así como, dado o carácter obrigatorio destas accións, especificar a forma na que se realizará o control de asistencia e as persoas responsables.